

ACTA núm. 1/2019

REUNIÓN DO CONSELLO COORDINADOR DO AGRUPAMENTO EUROPEO DE COOPERACIÓN  
TERRITORIAL DO RÍO MIÑO–AECT RIO MINHO

---- O 8 de febreiro 2019, ás 12:00 h (hora local), reuniuse o Consello Coordinador do Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial do Río Miño-AECT Rio Minho nas instalacións da Cámara Municipal de Arcos de Valdevez, praza Municipal, 21, 4970-441 Arcos de Valdevez. -----

---- Estiveron presentes, en calidade de membros do Consello Coordinador do AECT Rio Minho, o director, Uxío Benítez Fernández, deputado de Cooperación Transfronteiriza da Deputación de Pontevedra; o vicedirector, João Fernando Brito Nogueira, presidente da Cámara Municipal de Vila Nova de Cerveira; a vogal Montserrat Magallanes Álvarez, deputada provincial de Pontevedra; e o vogal João Manuel do Amaral Esteves, presidente da Cámara Municipal de Arcos de Valdevez. Asistiron tamén á reunión os membros do Secretariado Técnico, António Pereira Torres e Lois Castrillo, ademais de Júlio Pereira, primeiro secretario da CIM Alto Minho. -----

---- A reunión presidiuna o director do Consello Coordinador do AECT Rio Minho, Uxío Benítez Fernández, e nela tratáronse, de acordo coa orde do día, os seguintes asuntos: -----

**Assunto nº1: Aprobación da acta da reunión anterior;**

---- Tras a apertura da sesión por parte do director do AECT Rio Minho, presentouse a acta da reunión realizada o 12 de novembro de 2018, que, despois de lida e revisada, foi aprobada por unanimidade e asinada por todas as persoas presentes. -----

**Esta deliberación foi aprobada, por unanimidade, en minuta.**

**Assunto nº2: Assuntos relacionados coa implementación dos proxectos “Smart Miño” e “Visit Rio Minho”;**

---- No ámbito do proxecto “Smart Miño” aprobáronse, por unanimidade, as seguintes deliberacións:

- Resumo do proceso de implementación da Estratexia do Río Miño Transfronteirizo (anexo 1).-----
- Inicio dos contactos e dilixencias necesarias para promover a participación do AECT Rio Minho en dous festivais transfronteirizos de música (IKFEM e Entre Marxes). -----
- Delegación, no director do AECT Rio Minho, da aprobación dos procedementos de contratación pública adecuados e necesarios para a concreción desta participación. -----

**Estas deliberacións foron aprobadas, por unanimidade, en minuta.**

---- No ámbito do proxecto “Visit Rio Minho” aprobáronse, por unanimidade, as seguintes deliberacións:  
- Presentación da marca Río Miño e do Anel Verde de Sendeiros Transfronteirizos o próximo sábado, 30 de marzo, no Parador de Tui, das 11:30 ás 13:30 h (hora galega). -----

**Esta deliberación foi aprobada, por unanimidade, en minuta.**

**Assunto nº3: Outros asuntos de interese para o AECT Rio Minho;**

---- No ámbito deste asunto, aprobáronse, por unanimidade, as seguintes deliberacións:  
- Programa provisional da constitución do Consello Consultivo do AECT Rio Minho para o próximo xoves, 4 de abril, ás 16:00 h (hora portuguesa), nas instalacións da Escola Superior de Ciências Empresariais de Valença (anexo 2). -----  
- Solicitud, ao Secretariado Técnico, da presentación, en colaboración coa Agência de Energia do Alto Minho, dun plan de implementación do Pacto de alcaldes para o territorio do AECT Rio Minho. -----

**Estas deliberación foi, por unanimidade, aprobada en minuta.**

---- Decidiuse, tamén, que a xuntanza de aprobación da Rendición de contas e do Informe de actividades de 2018 do Consello Coordinador sexa o próximo xoves, 4 de abril, nunha hora que se concretará posteriormente. -----

---- Sen máis asuntos que tratar, a reunión finalizou ás 13:30 horas. -----  
---- Para que así conste elaborouse esta acta, que asinaron o director e o vicedirector do AECT Rio Minho. -----

Arcos de Valdevez, 8 de febreiro de 2019

O Director

Uxío Benítez Fernández

O Vicedirector

João Fernando Brito Nogueira